

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

*EXTRACTO da Orde do 7 de xaneiro de 2026 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2026, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).*

BDNS (Identif.): 884013.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/884013>

##### Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, escolarizado no curso 2025/26, en 1º ou 2º de bacharelato.

##### Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2026.

##### Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 7 de xaneiro de 2026 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2026, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).

##### Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 2.451.960,88 €.

Nº de prazas: 647.

Importe individual: a contía da axuda para cada persoa beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo total da estadía para a cal resultase seleccionada e a achega que lle corresponda segundo os custos e os grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados na táboa seguinte e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar.





	Modalidade	Duración	Réxime aloxamento	Nº prazas	Repartición das prazas por grupos				Custo por praza (€)	Achega das familias por grupo (€)			
					Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D		Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º bach.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	88	30	27	16	15	4.600,00	400	700	1.200	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	125	40	37	26	22	3.300,00	300	500	900	1.125,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	20	8	6	4	2	3.630,00	300	500	900	1.125,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	2	1	1	0	0	2.640,22	300	450	450	450,00
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3.630,00	300	500	900	1.125,00
1º bach.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	140	50	40	30	20	4.600,00	400	700	1.200	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	220	69	59	50	42	3.300,00	300	500	900	1.125,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	40	12	10	10	8	3.630,00	300	500	900	1.125,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	2	1	1	0	0	2.640,22	300	450	450	450
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3.630,00	300	500	900	1.125,00
Total prazas:				<b>647</b>	<b>215</b>	<b>183</b>	<b>138</b>	<b>111</b>					

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

O conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional  
P.D. (Orde do 5.6.2024: DOG núm. 114, do 13 de xuño)  
Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

